

LE O TEXTO E CONTESTA AS PREGUNTAS

Onte pasoume unha cousa increíble. Erguinme pola mañá no cuarto e cando me mirei no espello era unha nena... era a miña irmá pequena!

Chegou miña nai, e en lugar de me dicir bos días púxome dúas trenzas con dous lazos azuis, despois vexo a meu pai e dáme un bico como se non pasase nada e dime que estaba preciosa. E durante todo o día todos a tratarme coma unha nena pequena.

Como acabou todo? Pois que pola noite cando me mirei no espello volvía ser eu. Escribín todo o que me pasara no meu diario para non esquecerlo.



1. Cando ocorreu o que se conta no texto?

- a) Hoxe á mañá.
- b) Onte á mañá.
- c) Mañá á mañá.

2. Onde ocorreu?

- a) Na cociña.
- b) No baño.
- c) No meu cuarto.

3. Que ocorreu?

- a) Quedouse durmido.
- b) Converteuse na súa gata.
- c) Converteuse na súa irmá.

4. Que peiteado lle fixo a nai?

- a) Dúas trenzas.
- b) Un recollido.
- c) Unha coleta.

5. Cando rematou todo?

- a) Ao día seguinte.
- b) Esa mesma noite.
- c) Á semana seguinte.